



Estimadas familias:

Comezamos un novo curso escolar e queremos darvos a benvida e unha cumprida información do funcionamento do centro, sobre todo, para aquelas familias que se incorporan este ano.

- O horario do alumnado é de 9:00h a 14:00h. O recinto abrírase 10 minutos antes de que soe o timbre de entrada e pecharase 15 minutos despois da hora de saída. Prégase puntualidade tanto nas entradas como nas saídas. O acceso ao recinto só se pode facer a través da rampla de madeira debido ao sistema de peche establecido para mellorar a seguridade do alumnado quedando a cancela metálica de uso exclusivo para persoas con mobilidade reducida ou aparcamento de bicicletas e patinetes.
- Para que o alumnado de primaria poida saír só do centro ás 14:00h deberán cumprimentar unha autorización (de 1º a 4º de primaria en canto estean operativos os Camiños escolares). O alumnado que non teña esta autorización deberá ser recollido por unha persoa adulta autorizada. O alumnado de infantil sempre ten que ser recollido por unha persoa adulta. Existe un documento para autorizar a outras persoas a recoller aos nenos e nenas (dispoñible na web do centro*).
- As saídas e entradas do alumnado durante o horario de clases, deberanse facer pola porta principal TOCANDO O TIMBRE e o profesorado de garda será o encargado de recoller e ir buscar ao alumno/a na súa clase. No caso das saídas deberán deixar cuberta a ficha correspondente na secretaría do centro.
- Os martes pola tarde de 16:00h a 17:00h atenderemos ás familias que queiran falar co profesorado sobre a marcha académica do seu fillo ou filla sendo aconsellable solicitar cita previamente.
- O horario de secretaría para atención ao público estará exposto na web do centro e na propia secretaría.
- A orientadora estará no noso centro os martes, mércores e venres de 9:00h a 14:00h. Poderase falar con ela previa cita.

- A biblioteca do centro abrirá os días que haxa actividades extraescolares da ANPA (comunicarase o antes posible) de 16:00h a 18:00h, para uso da comunidade educativa, para facer préstamo de libros, traballos, estudar,... baixo a supervisión do mestre ou mestra de garda. Empezará a funcionar o día 2 de outubro.
- O alumnado que asiste a biblioteca pola tarde pode entrar a calquera hora pero só poderá saír ás 18:00 h. agás que o veña a buscar unha persoa adulta ou traia unha autorización da titora ou titor legal (existe un modelo na web do centro*).
- O centro ten unha asociación de pais, ANPA "Citania", da que podedes formar parte. O seu presidente é Luis Eduardo Castro Rodríguez. Proximamente recibiredes información da mesma incluída a relativa ao comedor que a asociación xestiona.
- Seredes informados puntualmente de actividades do centro, saídas escolares, convocatorias de axudas, admisión, matrícula... mediante Abalar móbil, na web do centro, nas redes sociais e nalgunha ocasión con notas impresas.
- Podedes seguir as redes sociais do colexio e a páxina web, onde se colga información puntual de actividades do centro.
 - <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelrodriguezsinde/>
 - https://www.instagram.com/colexio_sinde/
 - <https://www.facebook.com/ceipmanuelrodriguezsinde>
- Como canle de información principal utilizarase o Abalar Móbil. É aconsellable activar as notificacións. No seguinte código QR tedes un vídeo explicativo de como activalas:



Un afectuoso saúdo
O equipo directivo